

FORMACIÓN

FORMACIÓN

CURSO HOMOLOGADO DE NIVEL CUALIFICADO PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE APLICADOR/MANIPULADOR DE BIOCIDAS

Curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado. Homologado.
 Data de inicio: 11/02/2010
 Lugar: Avda. Primo de Rivera 4-2º, local 6-7, A Coruña
 Inscripción: ata o 8 de febreiro
 Organizador: Biocontrol e Calidad Alimentaria, S.L.U.

CURSO PARA DIMINUIR OS IMPACTOS DA CARGA GANDEIRA NO MARCO DO PROXECTO LUGO₂, A TRAVÉS DA ECOXESTIÓN DE RESIDUOS AGROGANDEIROS

Inclúe visita á planta de tratamento e xestión de residuos AGROAMB (Castro de Rei).
 Datas e lugar: 28/01 en Cervantes, 29/01 en Vilalba, 30/01 en Folgoso do Courel e 03/02 en A Fonsagrada (Lugo)
 Duración: 8 horas
 Organiza: Deputación de Lugo.

EVENTOS

EVENTOS

V CONGRESO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA

O congreso da AEEE pretende continuar estreitando os lazos entre a Universidade, os reguladores e as empresas. Participarán investigadores, representantes empresariais e reguladores.
 Lugar: Centro Social Caixanova de Vigo.
 Data: 21- 22 xaneiro 2010.
 Organizador: Asociación Española para la Economía Energética (AEEE).
 Prezo: 200-300 €.

II CONVENCIÓN SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO E SOSTIBILIDADE EN ESPAÑA

<http://www.convencionccse.es/>
 O obxectivo da Convención é expoñer, documentar e debater orientacións e itinerarios para a adaptación e aproveitamento do cambio climático, comprendendo o seu impacto no medio ambiente, a industria, a cidade, as administracións e o cidadá. Participarán: Rajendra Pachauri, presidente do Panel Intergubernamental contra o Cambio Climático de Nacións Unidas e Premio Nobel da Paz 2007; Gro Harlem Brundtland, ex-Primeira Ministra de Noruega e responsable do informe Brundtland; e Juan Verde, experto mundial en materia de medio ambiente e sostibilidade.
 Data: 10-12 febreiro de 2010
 Lugar: Albacete.
 Prezo: 150 €

XI SYMPOSIUM NACIONAL DE SANIDADE VEXETAL

<http://www.fitosymposium.com/>
 A sostibilidade no uso dos produtos fitosanitarios é un obxectivo a acadar entre todos os que, dunha ou outra forma, traballamos no sector. Unha nova Directiva Europea está en marcha. As exixencias e os controis multiplicanse.
 Lugar: Rúa Ebro, 29, 41012, Sevilla.
 Data: 27-29 xaneiro 2010
 Inscripción: a través do 954 638 133
 Prezo: 377 €

IV CONGRESO DE ENXEÑERÍA CIVIL, TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE

<http://www.icitema.es/>
 A temática que se abordará nesta edición será: I.- Actividade e futuro do espazo litoral. II.- Actuacións sectoriais no litoral. III.- Infraestruturas e integración ambiental. IV.- Ecosistemas costeiros e fluxos naturais.
 Data: 17-19 febreiro 2010.
 Lugar: Málaga.
 Inscripción: Ata o 10 de febreiro de 2010

18TH CONFERENCE OF THE EUROPEAN BIRD CENSUS COUNCIL

<http://www.seo.org/ebcc2010/frmHome.html>
 O ano 2010 é o Ano Internacional da Biodiversidade e España preside a Unión Europea durante o primeiro semestre, polo que as accións levadas a cabo no noso país para coñecer o estado de desenvolvemento destes compromisos ten especial relevancia e, polo tanto, as conferencias que se realicen para coñecer o seu cumprimento son de gran transcendencia.
 Lugar: Complexo Cultural "San Francisco" de Cáceres.
 Data: 22 - 26 de marzo de 2010.

XIII FEIRA INTERNACIONAL DE ENERXÍA E MEDIO AMBIENTE. GENERA

Data: 19 ao 21 de maio de 2010.
 Lugar: IFEMA. Madrid.
 Sectores: solar, eólico, biomasa, hidróxeno, residuos, xeotermia, hidráulica, mariña, outras enerxías, consultaría e auditoría enerxética, servizos enerxéticos.

SUBVENCIONS

SUBVENCIONS

Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2010. Prazo: 31 de marzo de 2010.

Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010. Prazo: 28 de xaneiro de 2010.

Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos. Máximo 20.000 € por solicitante. Prazo: 28 de xaneiro de 2010.

Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores de áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 250, xoves 24 de decembro de 2009)

VERÓNICA NÚÑEZ. EMPRESA "CAURELOR". QUIROGA (LUGO)

Fai tres anos que Verónica empezou a elaborar os seus produtos, utilizando como materia prima a castaña da Serra do Caurel.

Son castañas ecolóxicas, recollidas á man e manufacturadas de forma artesanal seguindo un proceso único e ancestral.

As castañas son conservadas en area ata o momento da súa elaboración, isto confírelles unha lixeira deshidratación conseguindo un intenso sabor.

Os produtos son elaborados seguindo receitas antigas do Caurel, conservando así un pouco da tradición. Verónica decidiu dedicarse á artesanía despois de moito tempo traballando como técnico de turismo e cultura, pero o seu destino levouna a coñecer ao seu compañeiro que é de Santa Eufemia, un pequeno pobo do Caurel, e decidiron que a única forma de poder estar xuntos era volvendo a aldea e procurando un

traballo do que poder vivir.

A solución estaba diante dos seus ollos, xa que están rodeados por castiñeiros centenarios cun froito de calidade excelente, e cunha cultura intrínseca sobre a castaña enorme xa que, durante os meses de outono recóllense toneladas de castaña para vender as fábricas. Con isto decidiron aproveitar o froito e montar un pequeno obradoiro artesán dedicado á elab-

boración de castaña en xarope e crema de castaña, marmelada

de cereixas, de uvas e amoras silvestres, entre outras.



PROXECTOS-INICIATIVAS EMPRESARIAIS

PROXECTO DIANA

Nos concellos de Burela, Cervo, Foz e Ferrol lévaronse a cabo actuacións encamiñadas á integración laboral das mulleres dos 4 municipios. Actuouse nos aspectos formativos e tamén na cooperación con empresas e entidades, incluso participando con outros proxectos transnacionais en Italia e Estonia. Promove: Secretaría Xeral de Igualdade.

CREACIÓN DE COOPERATIVAS RURAIS DE SERVIZOS DE PROXIMIDADE.

O programa ten como obxectivo impulsar a incorporación, permanencia e promoción no mercado de traballo remunerado da muller rural, dedicada maioritariamente á atención e coidado de persoas dependentes no ámbito familiar, a través da posta en marcha de servizos de proximidade que faciliten a conciliación da vida familiar e persoal. Promove FADEMUR. Área xeográfica: Galicia e outras CC.AA.

CONSERVAS ECOLÓXICAS "CORTIJO DEL GAVILÁN"

Unha das primeiras iniciativas desta actividade xorde na rexión da Serra do Segura, Jaén (zona pioneira na introdución de produtos ecolóxicos). A pequena empresa dedícase á preparación de vexetais en conserva a partir de produtos ecolóxicos.

FEIRAS E EXPOSICIÓNS

XI EDICIÓN DA FEIRA "XANTAR". DO 3-7 MARZO DE 2010

Xantar, Salón Galego de Gastronomía e Turismo (11 anos dedicados á defensa da calidade gastronómica e da hostelería de Galicia).
Data: 3-7 de marzo de 2010.
Lugar: Expourense (OURENSE).

FERANTUR V FEIRA ANDALUZA DE TURISMO E DESENVOLVEMENTO RURAL

Data: 19-21 de marzo de 2010.
Lugar: Palacio de Exposicións e Congresos de Sevilla (FIBES), Pavillón 2.
FERANTUR está dedicada a todo o que o mundo rural pode ofrecer, abrindo un auténtico foro que impulsa a educación para o ocio responsable, o turismo sostible e o desenvolvemento rural.

NOVIDADES

"Buenas prácticas en desarrollo rural e igualdad". Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e FEADER.

PROXECTOS-INICIATIVAS EMPRESARIAIS

PLANTA MOLEDORA DE COGOMELOS DESHIDRATADOS

Empresa dedicada ao secado, deshidratación e moldura de diferentes texturas dos cogomelos e, finalmente, embalaxe e comercialización. Realizouse un tratamento térmico para eliminar bacterias. A través do Leader financiouse a adaptación dunha nave e a adquisición de máquinas específicas para eliminar as bacterias.

ACEITES ESENCIAIS ECOLÓXICOS "LABIATAE"

Empresa familiar dedicada ao cultivo ecolóxico de plantas aromáticas para a obtención de aceites esenciais. Cultívanse as plantas, recóllense e destílanse, elaborando posteriormente os cosméticos: aceites vexetais, locións corporais, xeles para masaxes, hidrolatos, perfumes para a casa, aceites de baño, etc.

COOPERATIVA DE TAPICEIRAS

O proxecto, promovido pola Asociación de Familias e mulleres nas zonas rurais, consistiu na creación dunha cooperativa de tapiceiras no municipio de Bolaños de Calatrava, Ciudad Real. Antes da creación da cooperativa, impartíronse clases de tapicería ás mulleres, que unha vez rematado o curso expresaron o seu desexo de formar parte dela. O proxecto é un exemplo de boas prácticas polo triplo resultado que se obtén: fomenta o cooperativismo feminino, promove o autoemprego e diversifica as actividades económicas na zona.

FEIRAS E EXPOSICIÓNS

BIOPTIMA 2010. III FEIRA INTERNACIONAL DE BIOMASA E SERVIZOS ENERXÉTICOS.

Data: 22-24 abril 2010.
Lugar: Recinto Provincial de Feiras e Congresos de Jaén
BIOPTIMA é un referente no ámbito europeo no sector das enerxías renovables e, fundamentalmente, na biomasa e na eficiencia enerxética.

XII FERIA NATURA. MEDIO AMBIENTE E CALIDADE DE VIDA.

Data: 12, 13 y 14 de marzo de 2010.
Lugar: Feria de Lleida.
É un dos maiores expoñentes en feiras referidos ao medio ambiente e a calidade de vida dos que se realizan en Cataluña e Aragón, contando con 111 expositores en pasadas edicións.

NOVIDADES

"Condiciones de vida y posición social de las mujeres en el medio rural". Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e FEADER.